



Dende o Concello de Porto do Son, informase que no **Diario Oficial de Galicia** núm. 50, do venres, 13 de marzo de 2015, saen publicada as seguintes Ordes:

- *ORDE do 6 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a **renovación de cubertas con tella cerámica**, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (código de procedemento IN423B).*
- *ORDE do 6 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a **renovación de cubertas de lousa**, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (código de procedemento IN314A).*
- *ORDE do 6 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a **rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda existentes**, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (código de procedemento IN316A).*

Actuacións

- As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto fomentar a renovación de cubertas con tella cerámica, renovación de cubertas con lousa e para obter melloras significativas na demanda enerxética dos edificios cos conseguintes aforros en termos económicos, así como a fomentar a rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda existentes contribuíndo a embelecer o tecido construtivo galego cun material de fácil colocación e respectuoso co ambiente á vez que se mellora a eficiencia enerxética.

Gastos subvencionables

- **Renovación de cubertas con tella cerámica e de cubertas de lousa:**
Consideraranse custos subvencionables aqueles gastos que se xeren e que sexan directamente imputables ás actuacións de renovación de cubertas, en concreto:
 - Custos de materiais das novas cubertas de tella cerámica.
 - Custos de desmontaxe das cubertas existentes.
 - Custos de montaxe das novas cubertas de tella cerámica.
 - Custos dos proxectos de arquitectura ou enxeñaría na parte correspondente ás actuacións que se van subvencionar.
 - Custos de licenzas.
- **Rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda existentes:**
 - Custos de memorias básicas, informes técnicos e certificados necesarios, ou proxectos de arquitectura ou enxeñaría na parte correspondente ás actuacións que se van subvencionar.
 - Custos de licenzas.
 - Custos de desmontaxe do material de fachada ou envolvente existente.
 - Custos dos materiais: granito, morteiros e adhesivos, ancoraxes e sistemas de ancoraxe e o material illante.
 - Custos de man de obra civil e instalacións auxiliares necesarias para a montaxe da nova envolvente de granito.



Custos non subvencionables:

- Os gastos e custos financeiros como consecuencia do investimento.
 - Os gastos realizados en bens usados.
 - Os custos dos materiais da estrutura soporte da fachada.
 - A substitución ou instalación das carpintarías exteriores (portas e fiestras) e vidros.
- O imposto sobre o valor engadido (IVE) subvencionarase cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG e rematará cando se esgoten os fondos económicos consignados. En todo caso, finalizará aos tres meses do día seguinte á publicación da presente orde.

Beneficiarios

Poderán solicitar esta axuda as persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan ao seu cargo fillos menores de 18 anos e un gasto derivado da subministración de enerxía eléctrica na súa vivenda habitual. Os requisitos que deben cumprir os beneficiarios da axuda son:

Solicitudes.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os particulares ou as comunidades de propietarios.

2. As solicitudes deberán presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado accesible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Información aos interesados

Sobre este procedemento administrativo, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Enerxía e Minas, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da consellería: <http://economiaeindustria.xunta.es>.
- b) Os teléfonos da devandita dirección xeral: 981 95 70 92 ou 981 95 72 59.
- c) O enderezo electrónico: cei.dxiem.axudasminas@xunta.es.
- d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia, que é o 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).



O Alcalde

José Luis Oujo Pouso